

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 14**

### **SESION EXTRAORDINARIA DO 8 DE XULLO DE 2011**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE**

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Díaz Vázquez, Raquel  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Velo Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### **POLO GRUPO MPAL. PARTIDO POPULAR**

Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Bravo Bosch, M<sup>a</sup> José  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
Iglesias Bueno, Marta  
Larriba Leira, M<sup>a</sup> Elvira  
López-Chaves Castro, Ignacio J.  
Relova Quinteiro, Roberto F.

#### **NON ASISTE:**

Porro Martínez, M<sup>a</sup> Corina

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e once minutos do día oito de xullo do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Font, López-Chaves Castro, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velo Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en

sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Non asiste a Sra. Porro Martínez. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Juan Ramón González Carnero.

A PRESIDENCIA: Dá comezo a sesión extraordinaria do día 8 de xullo de 2011, convocada por orde do día de data 5 de xullo. Ábrese sesión pública e constátase quorum.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Unha cuestión de orde por parte do Grupo do BNG. Acaban de comunicarnos que se está procedendo a cachear, literalmente, aos representantes dos medios de comunicación. Queremos solicitar un informe neste mesmo Pleno de por que se está a realizar esa acción e por que se fan esas cousa na entrada do Pleno.

A PRESIDENCIA: Correcto. Procederase nesa dirección.

1.- (116).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 17.06.2011, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NOS CONCELLEIROS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 17.06.2011 adoptou o seguinte acordo:

“1(703).- PROPOSTA DE DELEGACIÓN NOS CONCELLEIROS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do Excmo. Sr. Alcalde, de 15.06.11, a Xunta de Goberno local acorda a delegación nos concelleiros de Áreas e nos demais delegados das seguintes competencias e funcións:

Primeiro.- NA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO, CASCOS HISTÓRICOS E

## GRANDES PROXECTOS.

### a) En materia de Urbanismo:

- Exercer as funcións legalmente atribuídas á Xunta de Goberno Local nas materias relativas a licenzas, disciplina e infraccións urbanísticas, declaracións de ruína e ordes de execución. Resolución dos recursos administrativos interpostos contra ditos actos e revisión de oficio dos mesmos.
- As contratacións con cargo ó orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo que teñan a condición de “contratos menores”, de conformidade coa lexislación aplicable de contratación das Administracións Públicas.
- O desenvolvemento da xestión económica derivada da execución do orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, en especial:
  - a) Incoar os expedientes de modificación de créditos que deberán ser aprobados polo Pleno do Concello.
  - b) Aprobar as transferencias de crédito, agás que se realicen entre distintos grupos de función do orzamento e coas limitacións previstas no artigo 41 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril.
  - c) Aprobar os expedientes de xeración de créditos.
  - d) Aprobación da incorporación de remanentes de créditos.
  - e) Autorización e disposición de gastos de persoal relativos ó complemento de produtividade, gratificacións e indemnizacións por razón de servizos, que estiveran comprendidos globalmente no orzamento.
  - f) Autorizar anticipos de caixa fixa e gastos a xustificar, e aprobar as contas xustificativas dos mesmos.
  - g) Aprobar a devolución de ingresos indebidos.
  - h) Cancelar fianzas correspondentes a funcións da Xerencia.
  - i) Aprobar as liquidacións individuais de taxas por prestación de servizos, prezos e demais ingresos públicos propios da Xerencia Municipal de Urbanismo, así como as anulacións das mesmas.
  - j) Dispoñer, previo o cumprimento dos requisitos legais esixibles, o fraccionamento ou aprazamento dos ingresos urbanísticos.
  - k) Aprobar os gastos de representación e protocolo realizados polo Xerente.

En relación coa xestión económica e en ausencia do Xerente do Organismo Autónomo:

- a) Autorizar e dispoñer todos os gastos derivados dos contratos menores e todos aqueles cun importe non superior os 12.020,24 euros, cando non lle corresponda expresamente a outro órgano municipal.
  - b) Recoñecer e liquidar as obrigas derivadas de todos os gastos.
  - c) A ordenación de pagos.
- A xestión do persoal, co Xerente de Urbanismo, agás as competencias reservadas legalmente ó Pleno da Corporación e as de carácter indelegable, de

conformidade co disposto no art. 127.1.h) da Lei de Bases de Réxime Local.

- Exercizo de accións administrativas e xudiciais nas materias ás que se refire este Acordo de delegación.

b) En materia de Cascos históricos:

1.- A dirección da xestión da oficina de Rehabilitación de Cascos Históricos.

2.- Previo informe do planeamento, a xestión, a disciplina urbanística e a concesión de licenzas urbanísticas relativas aos Cascos Históricos.

3.- A participación na redacción e tramitación dos instrumentos de planeamento urbanísticos e instrumentos de xestión do planeamento que incidan nos barrios históricos da cidade de Vigo, emitindo informe previo nos procedementos, así como na actividade urbanística. Aos efectos do informe previo, o persoal da oficina de Barrios Históricos prestará a colaboración necesaria ao concelleiro delegado de Cascos Históricos.

Segundo.- NO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE MOBILIDADE, TRANSPORTE E SEGURIDADE E XESTIÓN MUNICIPAL.

a) En materia de tráfico e transporte.

1.- Conceder as autorizacións para a ocupación temporal da vía pública e de entrada de vehículos polo dominio público agás as que poidan corresponder ó Servizo de Patrimonio.

2.- Outorgar as autorizacións para o exercizo da venda ambulante, de acordo coa ordenanza municipal e as demais normas previstas na lexislación vixente na materia.

3.- Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto nas ordenanzas as seguintes medidas:

- a) Reserva de estacionamento e paradas
- b) Reservas especiais para minusválidos
- c) Permisos de sinalización para pasos de carruaxes

4.- Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral e especialmente en materia de auto-taxis, sen prexuízo do que dispoñan ou poidan dispoñer as leis sectoriais na materia.

b) En materia de persoal.

1.- Desempeñar a xefatura directa e inmediata do persoal municipal, agás a do corpo de Policía Municipal.

2.- Conceder os permisos e licencias de todo o persoal municipal mesmo naqueles supostos que impliquen redución ou diminución de xornada e permisos sen dereito a retribucións, previo informe do concelleiro delegado de área, dando conta, neste último supostos á Xunta de Goberno Local.

3.- Recoñecemento do grao persoal e trienios dando conta disto, no primeiro suposto, á Xunta de Goberno Local.

4.- A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, dando conta á Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- NO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE ECONOMÍA, FACENDA, PATRIMONIO E EDUCACIÓN:

a) En materia de patrimonio e contratación

1.- Resolución de expedientes de autorizacións de ocupación temporal do dominio público para as instalacións de circos e demais instalación eventuais, portátiles ou desmontables e en xeral das pequenas diversións que se dean ó público como feiras e verbenas, ou barracas provisionais ou ó aire libre, carruseis e similares previa emisión, no seu caso, de informe do facultativo idóneo sobre as condicións de seguridade.

2.- Concertación de operacións de tesourería, cando o importe das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercizo anterior.

Cuarto.- NO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE EMPREGO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E VOLUNTARIADO.

a) En materia de desenvolvemento local:

Será atribución desta concellería a contratación polos procedementos legalmente establecidos e a extinción da relación laboral, agás a que sexa consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

Quinto.- NO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE FOMENTO.

a) En materia de Vías e Obras

Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.

Sexto.- NO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE DISTRITOS, PARQUES, XARDÍNS E LIMPEZA.

a) En materia de parques e xardíns

1.- Efectuar a supervisión e o seguimento do contrato administrativo de servizos que ten por obxecto o mantemento e conservación dos parques e xardíns municipais ditando ó efecto as ordes e instrucións que se estimen oportunas e propoñendo, no seu caso, ó órgano de contratación a apertura do procedemento sancionador ante posibles incumprimentos.

Sétimo.- Así mesmo todos os concelleiros delegados das Áreas mencionadas na resolución da Alcaldía do día 13 de xuño de 2011, exercerán por delegación desta Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

1.- Impoñer as sancións previstas na lexislación vixente cando se incumpran as normas xurídicas referentes a unha área, respectando as competencias que neste particular teña delegada a Xunta de Goberno Local, adoptando, no seu caso, as medidas de carácter provisional precisas.

2.- Tramitación e resolución dos expedientes de contratos menores nos termos previstos na lexislación vixente e nos termos previstos nas bases de execución do orzamento.

3.- Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministros, servizos ou asistencia técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa área.

4.- Acordar a organización funcional das áreas incluíndo a redistribución de efectivos do persoal adscrito ós postos non singularizados da mesma seguindo criterios de eficacia e dando conta inmediata disto ó concelleiro delegado da Área de Persoal a través desta unidade.

5.- Autorizar, cando estean directamente relacionados coa función pública, a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal da súa área, de conformidade coas normas establecidas nas bases de execución do orzamento sempre e cando a duración do curso non supere tres días alternos ou consecutivos, dando conta inmediata disto ó concelleiro da Área de Xestión Municipal a través do servizo de Recursos Humanos.

6.- Autorizar as comisións de servizo con dereito a indemnización do persoal adscrito á súa área cando a duración das mesmas non sexa superior a dous días dando conta inmediata disto ó concelleiro delegado da área de Xestión Municipal.

7.- Propoñer o cadro de vacacións anuais do persoal da área e remitilo dentro dos prazos fixados ao servizo de Recursos Humanos para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

8.- Propoñer á Xunta de Goberno Local a realización de dilixencias informativas reservadas previas á incoación dos expedientes disciplinarios nos que se poida atopar incuso o persoal adscrito á súa Área.

Oitavo.- As facultades que poderán exercer os concelleiros delegados en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as que correspondan ó órgano delegante reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme ó establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

Noveno.- As resolucións administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas por este órgano delegante.

Décimo.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, agás no relativo ós recursos de reposición que poidan interpoñerse contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.

Así mesmo, se delegan nos señores concelleiros as facultades de revisión de oficio reguladas no Capítulo I do Título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, cando o acto obxecto de revisión se tivera ditado en virtude de competencias delegadas polo Alcalde no presente Decreto.

Undécimo.- Esta Xunta de Goberno Local deberá recibir información detallada da xestión das competencias encomendadas e dos actos ditados en virtude das delegacións conferidas, así mesmo deberá ser informada previamente á adopción de decisións de transcendencia.

Décimo segundo.- Notificar a presente resolución a todos os concelleiros afectados.

Décimo terceiro.- Comunicar a presente resolución ós xefes dos diferentes servizos municipais para o seu coñecemento e efectos e publicidade na Intranet.

Décimo cuarto.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Décimo quinto.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación ós efectos de que quede enterado da mesma."

*Do anterior a Presidencia dá conta ó Pleno da Corporación.*

2.- (117).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE 16.06.2011 DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE DISTRIBUCIÓN DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS.

ANTECEDENTES.- Mediante decreto de data 16.06.2011, a Alcaldía-Presidencia emitiu a seguinte Resolución:

“O Pleno do concello, na súa sesión de data 16.06.2011, ó amparo do sinalado no artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), acordou as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial así como o réxime de dedicación destes últimos.

O art. 75.5 da LBRL sinala que corresponde ó Presidente da corporación determinar os concelleiros/as e membros da Xunta de Goberno Local que realizarán as súas funcións nas dedicacións mencionadas.

Téndose comunicado a esta Alcaldía, polo grupo municipal Socialista e polo grupo municipal do BNG a asignación nominativa das adicacións que lle corresponden, en virtude dos antecedentes expostos, e sen prexuízo de posteriores resolucións en similar senso, resolvo:

Primeiro.- Exercerán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva os seguintes membros da Corporación:

Alcalde	D. Abel Caballero Álvarez	65.220,01 €
Concelleiro do GPM Soc.	D. Carlos López Font	56.141,23 €
Concelleira do GPM Soc.	D <sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez	56.141,23 €
Concelleiro do GPM Soc.	D. José Manuel Fernández Pérez	56.141,23 €
Concelleira do GPM Soc.	D <sup>a</sup> M <sup>a</sup> Jesús Lago Rey	56.141,23 €
Concelleiro do GPM Soc.	D. David Regades Fernández	56.141,23 €
Concelleiro do GPM BNG	D. Santiago X. Domínguez Olveira	56.141,23 €
Concelleira do GPM BNG.	D <sup>a</sup> Iolanda M <sup>a</sup> Veloso Ríos	56.141,23 €

Segundo.- Reducir unha dedicación exclusiva do grupo municipal socialista para convertela nunha dedicación parcial de 26 horas.

Terceiro.- Exercerán as súas funcións en réxime de dedicación parcial cunha dedicación de vinte e seis horas os seguintes membros da Corporación:

Concelleiro do GPM Soc.	D. Santos Héctor Rodríguez Díaz	38.761.20 €
Concelleira do GPM BNG.	D. F. Xabier Alonso Pérez	38.761.20 €

Cuarto.- As retribucións especificadas para cada cargo aboaranse en catorce pagas agás as dos concelleiros/as con dedicación parcial que se aboarán en doce. Os importes das retribucións revisaranse anualmente na mesma proporción que



as do persoal ó servizo do Concello.

Quinto.- As retribucións terán efectos retroactivos á data da toma de posesión do cargo de concelleiro/a, é dicir, dende o 11.06.2011.

Sexto.- As retribucións por dedicación exclusiva implicarán a súa incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, órganos ou empresas deles dependentes, así como o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

Sétimo. Os concelleiros/as ou membros da Xunta de Goberno Local que desenvolvan as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial non percibirán indemnizacións por asistencia ás sesións de órganos colexiados da corporación nin dos organismos autónomos municipais.

Oitavo.- Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social a todos os corporativos mencionados asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

Noveno.- Notificar a presente resolución a todos os interesados/as advertindo que os que desenvolvan o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva deberán, no prazo dos tres días seguintes á notificación, dirixir escrito a esta alcaldía a través da Secretaría Xeral do Pleno no que se manifeste a aceptación ou non aceptación da dedicación, escritos dos que deberá darse conta ó Pleno na seguinte sesión que este órgano realice.

Décimo.- Notificar a presente resolución á Unidade de Persoal deste concello, á Tesourería e á Intervención Xeral.

Undécimo.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de editos do Concello”.

*Do anterior a Presidencia dá conta ó Pleno da Corporación.*

3.- (118).- DAR CONTA DE ESCRITOS DE ACEPTACIÓN DE CONCELLEIROS DE DEDICACIÓN EXCLUSIVAS.

ANTECEDENTES.- De conformidade coa Resolución da Alcaldía-Presidencia, mediante escritos presentados na Secretaría Xeral do Pleno os concelleiros que a seguir se relatan presentaron a súa aceptación de dedicación exclusiva:

-----  
S. Extraord. 08.07.11

Ilmo. Alcalde-Presidente, D. Abel Caballero Álvarez (PSdeG-PSOE)  
D. Carlos López Font (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez (PSdeG-PSOE)  
D. David Regades Fernández (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey (PSdeG-PSOE)  
D. José Manuel Fernández Pérez (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos (BNG)  
D. Santiago Domínguez Olveira (BNG)

*Do anterior a Presidencia dá conta ó Pleno da Corporación.*

4.- (119).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE 01.07.2011 DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE MODIFICACIÓN DE ANTERIOR RESOLUCIÓN DO 13.06.2011 DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de xullo de 2011, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Mediante Resolución de data 13.06.2011, esta alcaldía acordou a estruturación das distintas áreas executivas do equipo de goberno e delegou diversas atribucións.

De conformidade co sinalado nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, de 28 de novembro, resolvo:

Primeiro.- Modificar a miña Resolución de data 13.06.2011 no seguinte senso:

- No apartado Primeiro da Resolución, no epígrafe II, Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade e Xestión Municipal, no apartado c) *En materia de recursos humanos e persoal* suprímense os parágrafos do 18 ó 21 por atoparse integradas nas competencias anteriores.

- No apartado Primeiro da Resolución, no epígrafe **II.- Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade e Xestión Municipal**, no apartado d) En materia de réxime interior avócase a competencia delegada especificada no parágrafo 5 e inclúese nas delegacións do epígrafe **VII.- Área de Fomento**, quedando co seguinte texto: “Corresponderanlle as atribucións en materia de Vías e Obras; Parque Móbil e parque Central; Electromecánicos; Oficina de Supervisión de Proxectos; así como o seguimento da xestión dos servizos públicos con especial incidencia en aqueles que se xestionan indirectamente a través de empresas

concesionarias. Impulsar, dun xeito eficaz, as previsións contempladas na lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós Servizos Públicos dirixindo e planificando os procesos que para elo dende o Servizo de Informática teñan que levarse a cabo”.

Segundo.- Notificar a presente resolución ós concelleiros delegados afectados.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución ós xefes das diferentes áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos, dando publicidade na intranet municipal.

Cuarto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente Resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación ós efectos de que quede enterado da mesma.”

*Do anterior a Presidencia dá conta ó Pleno da Corporación.*

## 5.- (120).- PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Á CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS DO PLENO.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data 05.07.11 a Alcaldía-Presidencia preséntalle ó Pleno da Corporación a seguinte proposta:

“Como consecuencia da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 22 de maio esta Alcaldía, mediante Resolución de data 13 de xuño, acordou a estruturación dos servizos corporativos do Concello en diferentes Áreas, neste mesmo sentido o artigo 49 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo e o artigo 124.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, indica que o Concello-Pleno, a proposta do Alcalde, acordará o número e denominación das comisións informativas, hoxe Comisións do Pleno, distribuíndo entre elas as materias que se someterán a este órgano procurando, no posible, a súa correspondencia co número e denominación das grandes Áreas nas que están estruturados os servizos corporativos. Por outra banda o artigo 122.3) parágrafo segundo da LBRL advirte que a composición das Comisións se acomodará á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos da Corporación.

De conformidade coa devandita lexislación esta Alcaldía somete á consideración do Concello-Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Crear as Comisións do Pleno que a seguir se citan:

- Comisión de Xestión Municipal e Mobilidade
- Comisión de Fomento
- Comisión de Industria, Turismo, Emprego e Participación Cidadá.
- Comisión de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade
- Comisión de Cultura, Deportes e Benestar

Segundo.- As Comisións do Pleno emitirán ditame sobre os seguintes asuntos que teñen que ser sometidos á decisión do Pleno:

- Comisión de Xestión Municipal: os asuntos referentes ás materias atribuídas ós delegados/as das Áreas de Xestión Municipal; Mobilidade, Transporte e Seguridade; Economía e Facenda e Educación.
- Comisión de Fomento: os asuntos referentes ás materias atribuídas ao delegado de Fomento.
- Comisión de Industria, Turismo, Emprego e Participación Cidadá: os asuntos referentes ás materias atribuídas ós delegados/as de Industria, Comercio, Turismo e Pymes; Promoción Económica, Emprego, Participación Cidadá e Distritos.
- Comisión de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade: os asuntos referentes ás materias atribuídas á delegada da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo; Xuventude e Igualdade
- Comisión de Cultura, Deportes e Benestar: os asuntos referentes ás materias atribuídas ós delegados/as das Áreas de Cultura e Animación Sociocultural; Patrimonio Histórico; Deportes e Normalización Lingüística; e Benestar Social.

Terceiro.- A Presidencia de todas as comisións corresponderalle ó Alcalde que poderá delegar a presidencia efectiva, a proposta da comisión, en calquera membro da mesma trala correspondente elección efectuada no seu seo. Cada Comisión terá un Presidente e un Vicepresidente, que serán elixidos entre os seus membros pola propia Comisión na súa sesión constitutiva e nomeados posteriormente polo Presidente do Pleno, quen poderá exercer a presidencia de dita sesión ou delegala en calquera dos seus membros

Nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento do Presidente e Vicepresidente de cada unha das Comisións Permanentes do Pleno, a Presidencia será asumida polo membro titular do mesmo Grupo Político ao que pertenza o Presidente, atendendo á orde do seu nomeamento na respectiva

Comisión, exceptuando ao Voceiro de dito Grupo Político.

Cada comisión estará integrada por NOVE concelleiros/as dos que catro representarán ó grupo político municipal do Partido Popular, catro ó grupo político municipal Socialista e un ó grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego. A designación concreta a cada comisión dos concelleiros/as que deberán formar parte delas en representación dos grupos políticos municipais realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido ó Alcalde, que se presentará no Rexistro da Secretaría Xeral do Pleno, no prazo de dez días seguintes a adopción do presente acordo. Os grupos políticos poderán designar suplentes indistintos a un ou varios dos seus membros titulares polos suplentes.

A efectos de manter a proporcionalidade establecida, no suposto de que en calquera momento o Alcalde, como presidente nato das comisións, desempeñe a presidencia absterase de votar o membro de menor idade dos do seu grupo político sempre que estiveran presentes todos eles.

Será secretaria das comisións a secretaria xeral do Pleno ou funcionario/a en quen delegue.

Cuarto.- Son funcións das comisións do Pleno o estudo e ditame previo de cantos asuntos teñan que ser sometidos á decisión do Pleno; o seguimento, sen prexuízo do superior control do Pleno, da xestión do Alcalde e do seu equipo de goberno e aquelas outras funcións que o Pleno lles delegue.

Quinto.- As comisións realizarán reunións ordinarias con carácter mensual sempre e cando existan asuntos que se deban ditaminar ou informar. As devanditas reunións realizaranse os penúltimos luns non festivos de cada mes, é dicir, con antelación suficiente para emitir ditame sobre os asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno.

Sexto.- O funcionamento das comisións axustarase ó previsto no Capítulo IV do Título IV do Regulamento Orgánico do Pleno e no non previsto naquel ao previsto no capítulo II do título IV, do RD 2568/1986

Sétimo.- Comunicar o presente acordo ós voceiros dos diferentes grupos políticos municipais facéndolles saber que o escrito de designación de concelleiros/as en cada Comisión deberá ser presentado polo/a voceiro/a na Secretaría Xeral do Pleno no prazo dos dez días seguintes ó de adopción deste acordo. Os grupos poderán designar suplentes indistintos a un ou varios dos seus membros titulares polos suplentes.

Oitavo.- En materia de planeamento urbanístico, e naquelas outras conexas, ó estudo e ditame previo de cantos asuntos teñan que ser sometidos á decisión do Pleno do Concello será levado a cabo polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que a estes efectos actuará como Comisión do Pleno.

Noveno.- A comisión de Xestión Municipal, de conformidade co establecido no

artigo 127.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, actuará como Comisión Especial de Contas para o exame, estudo e informe de todas as contas orzamentarias e extraorzamentarias que deba aprobar o Pleno da Corporación.

Décimo.- De conformidade co sinalado no artigo 3 do Regulamento orgánico municipal da comisión especial de Suxestións e Reclamacións, e de conformidade coas propostas formuladas polos voceiros dos distintos grupos políticos municipais désígnanse como membros da comisión citada ós seguintes concelleiros/as.

– En representación do grupo político municipal do Partido Popular: D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera. Suplente D. Antonio Bernárdez de Dios.

– En representación do grupo político municipal Socialista: o concelleiro Delegado da Área de Distritos, D. Angel Rivas González; suplente o concelleiro delegado da Área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, D. Santos Hector Rodríguez Díaz.

– En representación do grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego: D<sup>a</sup> Iolanda María Veloso Rios; suplente, D. Santiago Domínguez Olveira.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: O noso grupo solicitou unha comisión concreta que era a comisión de Control da Contratación que polo que vexo non está.

SR. LÓPEZ FONT: A resposta xa se facilitou na Xunta de Voceiros. Forma parte do artigo 55 do Regulamento do Pleno, que me corrixa a secretaria se me trabuco. Está prevista a comisión de vixilancia de contratación co cal xa se cumpre.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, dime a señora secretaria que a comisión está creada no regulamento orgánico e o único que cómpre facer é transmitir os membros por parte de cada grupo e inmediatamente se reúne.

SR. FIGUEROA VILA: Esta é a organización das comisións que fai o Pleno. Queremos que conste expresamente que esta comisión forma parte desta organización que decide o Pleno.

A PRESIDENCIA: Consta como tal que existe esa comisión, que se teñen que enviar os compoñentes e nomearanse.

SR. FIGUEROA VILA: Entón iso quere dicir que hai unha oitava comisión que sería a comisión de control da contratación.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Créanse para cada mandato en tanto que a anterior xa existe porque está no regulamento fixa.

SR. FIGUEROA VILA: Nós queremos expresar a vontade política de que esa comisión existe, que hai unha oitava comisión. É unha proposta que queremos facer.

A PRESIDENCIA: Xa existe como tal, está no regulamento e polo tanto non ha lugar. Todos os grupos manifestamos a nosa vontade política da súa constitución unha vez que recibamos os nomes dos compoñentes por parte de cada un destes grupos. Procedemos por tanto, coa incorporación deste texto, á votación.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar a proposta da Alcaldía de data 05 de xullo de 11 sobre creación e composición das comisións do Pleno, co texto que figura nos antecedentes do presente acordo.

6.- (121).- PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Ó NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS MUNICIPAIS E NO PADROADO DO MUSEO MUNICIPAL "QUIÑONES DE LEÓN".

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data 05.07.11 a Alcaldía-Presidencia preséntalle ó Pleno da Corporación a seguinte proposta:

"Como consecuencia da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 22 de maio, o Pleno do Concello, de conformidade co previsto no artigo 38.c) do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan da súa competencia, entre estes atópanse os Organismos

-----  
S. Extraord. 08.07.11

Autónomos Municipais indicando respecto dos mesmos a Disposición Adicional Cuarta do Regulamento Orgánico Municipal que a proporcionalidade prevista nas Comisións trasladarase á composición dos órganos reitores destes entes. Así mesmo o Concello-Pleno mediante acordo do 28 de febreiro de 1981 aprobou o Regulamento do Pazo-Museo Municipal “Quiñones de León” indicando (art. 11) que dito Museo sería rexido por un Padroado de funcionamento autónomo do cal formarían parte ademais do Alcalde como Presidente nato e o Presidente da Comisión de Cultura (Asuntos Sociais) como Vicepresidente, cinco membros da Corporación Municipal designados polo Pleno (art. 13).

De conformidade co exposto esta Alcaldía, trala consulta cos Voceiros dos grupos políticos municipais, somete á consideración do Concello-Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Distribuír do xeito que se indica entre os distintos grupos políticos municipais os dez membros da Corporación que constituirán xunto co Alcalde, que ostentan a Presidencia, os órganos reitores dos Consellos de Goberno dos seguintes Organismos Autónomos Municipais: Parque Natural das Ciencias-VigoZoo; Instituto Municipal de Deportes e Escola Municipal de Artes e Oficios.

- Grupo Político Municipal do Partido Popular: 5 vocais-Concelleiros/as
- Grupo Político Municipal Socialista: 4 vocais-Concelleiros/as
- Grupo Político Municipal do Bloque Nacionalista Galego: 1 vocal-Concelleiro/a

O órgano reitor da Xerencia Municipal de Urbanismo distribuirá a súa composición do seguinte xeito:

- Grupo Político Municipal do Partido Popular: 4 vocais-Concelleiros/as
- Grupo Político Municipal Socialista: 3 vocais-Concelleiros/as
- Grupo Político Municipal do Bloque Nacionalista Galego: 1 vocal-Concelleiro/a

Nas referidas composicións non se computa o posto correspondente á Presidencia.

Segundo.- Nomear membros dos órganos reitores dos órganos colexiados que se citan ós seguintes concelleiros/as:

a) Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo:

TITULARES

SUPLENTES

En representación do Grupo Político Municipal do Partido Popular:

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Elvira Larriba Leira  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno

D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Bravo Bosch  
D<sup>a</sup> Teresa Cendón Alonso



D. Antonio Bernárdez de Dios

D. José Luis Alvarez Pérez

En representación do Grupo Político Municipal Socialista:

D. M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D. David Regades Fernández

D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Angel Rivas González  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey

En representación do Grupo Político Municipal do Bloque Nacionalista Galego: \_

D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos.

D. Francisco Xabier Alonso Pérez.

b) Xunta Reitora do Instituto Municipal de Deportes:

En representación do Grupo Político Municipal do Partido Popular:

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Bravo Bosch  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera  
D. Marcos Araujo Pereira  
D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno  
D. Antonio Bernárdez de Dios

En representación do Grupo Político Municipal Socialista:

D. Manuel Fernández Pérez (Presidente)  
D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D. .Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. David Regades Fernández

En representación do Grupo Político Municipal do Bloque Nacionalista Galego:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez.

c) Consello do Parque Natural das Ciencias-VigoZoo:

En representación do Grupo Político Municipal do Partido Popular:

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Bravo Bosch  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera  
D. Miguel Fidalgo Iglesias  
D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno  
D. Antonio Bernárdez de Dios

En representación do Grupo Político Municipal Socialista:

Presidenta: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey

D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González

En representación do Grupo Político Municipal do Bloque Nacionalista Galego:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez.

d) Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios:

En representación do Grupo Político Municipal do Partido Popular:

D. Alberto Relova Quinteiro  
D. Marcos Araújo Pereira  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Elvira Larriba Leira  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Cendón Alonso  
D. José Luis Álvarez Pérez

En representación do Grupo Político Municipal Socialista:

Presidenta: D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez

D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. Carlos López Font  
D. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

En representación do Grupo Político Municipal do Bloque Nacionalista Galego:

D<sup>a</sup> Iolanda María Veloso Ríos.

e) Padroado do Museo Municipal

En representación do Grupo Político Partido Popular

D. Roberto Relova Quinteiro.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Elvira Larriba Leira

En representación do Grupo Político Municipal Socialista:

Presidenta: D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez

D. Angel Rivas González

En representación do Grupo Político Municipal BNG:

D. Santiago X. Domínguez Olveira.

Terceiro.- Os sete vocais veciñais que deban propoñerse polos Grupos Políticos Municipais no Consello de Administración do Parque Natural das Ciencias-VigoZoo e nas Xuntas Reitoras do Instituto Municipal de Deportes e Escola Municipal de Artes e Oficios distribuiranse do seguinte xeito:

- |                   |          |
|-------------------|----------|
| - Partido Popular | 3 vocais |
| - PSdeG-PSOE      | 3 vocais |
| - BNG             | 1 vocais |

Cuarto.- Comunicar o presente acordo ós Voceiros dos distintos Grupos Políticos Municipais ó obxecto de que no prazo de “catro días” seguintes á adopción deste acordo remitan escrito dirixido a esta Alcaldía a través da Secretaría Xeral do Pleno no que fagan constar o nome dos vocais veciñais indicados no apartado anterior facultando ó Alcalde para o seu nomeamento mediante Resolución da que dará conta ó Pleno na próxima sesión que realice este órgano. Advírtese que o art. 7.f) dos estatutos do Instituto Municipal de Deportes sinala que os vocais veciñais deberán atoparse “vinculados preferentemente ó mundo do Deporte”.

Quinto.- Comunicar este acordo ós concelleiros/as afectados/as e ós secretarios dos anteditos organismos autónomos para o seu coñecemento e efectos.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar a proposta da Alcaldía-Presidencia referente ó nomeamento de representas da Corporación nos órganos colexiados dos organismos autónomos municipais e no Padroado do Museo Municipal “Quiñones de león”, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

7.- (122).- PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Ó NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NA ASEMBLEA DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 05.07.2011, a Alcaldía-Presidencia fai a seguinte proposta ó Pleno da Corporación:

“Como consecuencia da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 22 de maio, o Pleno do Concello, de conformidade co previsto no artigo 38.c) do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan da súa competencia.

Os estatutos da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, no seu artigo 11 sinalan que o Presidente da Mancomunidade será en todo caso o Alcalde de Vigo, por outra banda o artigo 9 da mesma norma advirte que os Concellos integrados na Mancomunidade que teñan unha poboación superior a 100.000 habitantes terán 7 vocais e outro máis un por cada 25.000 habitantes, polo que sendo o número de habitantes da cidade de Vigo de 297.028, segundo a última rectificación do Padrón Municipal a data 1 de xaneiro de 2007, procede que o Concello-Pleno designe os 15 vocais que lle corresponden na Asemblea de dita Administración Pública.

De conformidade co exposto esta Alcaldía, tralas consultas cos distintos Voceiros dos Grupos Políticos Municipais, somete á consideración do Concello-Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Distribuír os quince Concelleiros/as que deban representar ó Concello de Vigo na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo do seguinte xeito:

- 7 Vocais –concelleiros/as- a proposta do Grupo Político Municipal do Partido Popular.
- 6 Vocais –concelleiros/as- a proposta do Grupo Político Municipal Socialista.
- 2 Vocais –concelleiros/as- a proposta do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Segundo.- Comunicar o presente acordo ós Voceiros dos distintos Grupos Políticos Municipais ó obxecto de que no prazo dos seis días seguintes ó de adopción deste acordo remitan escrito a esta Alcaldía, a través da Secretaría Xeral do Pleno, no que fagan constar os nomes dos Concelleiros/as por eles propostos facultando á Alcaldía para que, de conformidade cos escritos que se presenten e, mediante Resolución, da que se dará conta ó Pleno, proceda ó seu nomeamento.

Terceiro.- Comunicar este acordo á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo para o seu coñecemento e efectos.”

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da

Corporación, que a constitúen de feito e de dereito, acórdase aprobar a proposta da Alcaldía de data 05.07.11, referente ó nomeamento de representantes da Corporación na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo co texto que figura nos antecedentes do presente acordo.

8.- (123).- PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Ó NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS PADROADOS DE FUNDACIÓNS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 05.07.2011, a Alcaldía-Presidencia fai a seguinte proposta ó Pleno da Corporación:

“Como consecuencia da nova Corporación xurdida das eleccións locais de 22 de maio, de conformidade co previsto no artigo 38.c) do RD 2568/1986, do 27 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Pleno do Concello ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan da súa competencia. Entre estes órganos atópanse as Fundacións nas que o Concello participa como membro do Padroado en virtude de diversos acordos de integración adoptados en distintas datas polo Concello-Pleno.

Considerando que as anteditas circunstancias esixen o pronunciamento deste Concello sobre a representación da nova Corporación nos devanditos Padroados, esta Alcaldía, en uso das atribucións que legalmente ten conferidas, propón ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de Patrón da Fundación “Museo de Arte Contemporánea de Vigo” (MARCO) actuará na mesma, tal e como se indica no artigo 12 dos Estatutos, a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Alvarez, que ostentará a Presidencia de dito Padroado.

Os restantes tres membros do Padroado que representen ó Concello de Vigo, segundo se indica no artigo 16 dos Estatutos, serán os seguintes:

D<sup>a</sup> Elvira Larriba Leira.  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez

Dirixirse ó Padroado da Fundación Marco instando modificación estatutaria no senso de que o Concelleiro Delegado da Área de Cultura sexa membro nato do Padroado.

Segundo.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de Patrón da Fundación “Instituto Feiral de Vigo” (IFEVI), actuará no Padroado e no Comité Executivo da mesma, a través do seu Alcalde, D. Abel Caballero Alvarez.

Terceiro.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de Patrón da Fundación “Vigo en Deporte” (VIDE), actuará na mesma, tal e como se indica nos artigos 10 e 13 dos seus Estatutos, a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Alvarez, que ostentará a Presidencia do Padroado e a través do Concelleiro Delegado da Área de Deportes, D. José Manuel Fernández Pérez que ostentará a Vicepresidencia ostentando, a súa vez, a representación do Concello no Comité Executivo.

Cuarto.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de patrón na Fundación “Fundación Provigo”, actuará na mesma, tal e como se indica no artigo 10 dos seus Estatutos, a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Alvarez, así mesmo, de conformidade co previsto no parágrafo cuarto do artigo 11 dos Estatutos, o substituto do Alcalde será a concelleira da área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego.

Quinto.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de patrón na Fundación “Fundación Laxeiro”, actuará na mesma a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Alvarez, que ostentará a Presidencia do Padroado segundo o artigo 8 dos seus Estatutos. Os restantes tres membros representantes do Concello, segundo se indica no artigo 6.a) dos seu Estatutos, serán as actuais persoas expertas designadas no seu día pola Corporación.

Sexto.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de patrón da Fundación “Fundación Liste”, actuará na mesma a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Alvarez, que ostentará a Vicepresidencia segundo que se determina no artigo 15.3 dos Estatutos. Os restantes dous membros representantes do Concello, segundo se indica no artigo 13.1.a) dos devanditos Estatutos, serán D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez, delegada da área de Cultura, Festas e Política de Benestar e a persoa experta designada no seu día pola Corporación.

Sétimo.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de patrón da “Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI)”, actuará na mesma a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Alvarez, que ostentará a Presidencia do Padroado segundo os seus Estatutos, o outro representante do Concello no órgano mencionado será o funcionario municipal, Coordinador da Área de Servizos Xerais, D. Álvaro Crespo Casal

Oitavo.- Comunicar este acordo ós Concelleiros afectados e ás anteditas Fundacións para o seu coñecemento e efectos.”

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Dime a secretaria que se incorpora xa a

-----  
S. Extraord. 08.07.11

aceptación do cargo por parte dos nomeados de acordo coa Lei para non ter que dar conta desa aceptación nun Pleno adicional.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito e de dereito, acórdase aprobar a proposta da Alcaldía de data 05.07.11, referente ó nomeamento de representantes da Corporación nos padroados de fundacións, co texto que figura nos antecedentes do presente acordo.

9.- (124).- PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Ó NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN DIVERSOS ÓRGANOS DE ENTIDADES PÚBLICAS.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data 05.07.2011, a Alcaldía Presidencia preséntalle ó Pleno a seguinte proposta:

“Como consecuencia da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 22 de maio, o Pleno do Concello, de conformidade co previsto no artigo 38.c) do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporación Locais, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan da súa competencia. Entre os órganos sinalados atópanse aqueles que directa ou indirectamente están adscritos a diversos entes ou Administracións Públicas.

O art. 40 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de Portos do Estado e a normativa autonómica que desenvolve o precepto citado, outorga ó Concello de Vigo un vogal no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo, que en todo caso corresponde ó Alcalde da cidade.

A Orde Ministerial do Ministerio de Economía e Facenda de 18 de novembro de 1999, que desenvolve o RD 290/1998, do 13 de marzo, regula as funcións e estrutura orgánica das Delegacións de Economía e Facenda e indica no seu artigo 13.3.e) parágrafo 5, que ó Concello de Vigo lle corresponde o nomeamento dun representante no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria, órgano que, entre outras funcións, ostenta a de aprobación das Ponencias de Valores Catastrais.

O art. 7.2.c) da Lei 15/2002, do 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional

-----  
S. Extraord. 08.07.11

Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia sinala que no Padroado do Parque Nacional, órgano de representación da sociedade, o Concello de Vigo, ó igual que o resto dos Concellos que no seu termo municipal está situado o Parque Nacional, estará representado por un vogal.

O Decreto do 28 de outubro de 1977 do entón Ministerio de Comercio e Turismo referente a prezos e medidas relativas á súa política indica no art. 24 que a Xunta Local de Prezos e Mercados formárase baixo a Presidencia do Alcalde-Presidente, polo Concelleiro Delegado de Abastecemento (Comercio) e outros cinco Concelleiros ademais doutros membros.

O artigo 14.1 dos Estatutos do “Consortio Casco Vello de Vigo”, modificado en virtude da proposta do Pleno do Concello de Vigo acadada en sesión de 30 de xaneiro de 2006, sinala que os representantes da Administración Municipal no ente local mencionado é de catro representantes elixidos polo Pleno.

De conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía somete á consideración do Pleno a seguinte proposta:

Primeiro.- Comunicar á Secretaría Xeral da Autoridade Portuaria que o Concello de Vigo estará representado no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo polo seu Alcalde e representante legal D. Abel Caballero Fernández.

Segundo.- O Concello de Vigo estará representado no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria da Subxerencia Territorial da Dirección Xeral do Catastro da Delegación de Facenda de Vigo pola súa Concelleira Delegada da Área de Economía e Facenda D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez

Terceiro.- O Concello de Vigo estará representado no Padroado do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia pola súa Concelleira Delegada da Área de Medio Ambiente D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey.

Cuarto.- O Concello de Vigo estará representado no Museo do Mar polo seu Alcalde e representante legal D. Abel Caballero Álvarez.

Quinto.- Designar como Concelleiros/as membros da Xunta Local de Prezos e Mercados ós seguintes:

D. Antonio Bernárdez de Dios

D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera

D. Carlos López Font

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez

D. Francisco Xabier Alonso Pérez.           Suplente: D<sup>a</sup> Iolanda María Veloso Rios.

Sexto.- Designar como representantes do Concello de Vigo no Consello de Administración do “Consortio Casco Vello de Vigo” os seguintes Concelleiros:



D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego. Suplente: D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. David Regades Fernández. Suplente: D. Angel Rivas González  
D. José Manuel Figueroa Vila. Suplente: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Egerique  
Mosquera  
D. Santiago X. Domínguez Olveira. Suplente: D<sup>a</sup> Iolanda María Veloso Ríos.

Sétimo.- Comunicar este acordo ós Concelleiros/as interesados/as e ás entidades citadas.”

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito e de dereito, acórdase aprobar a proposta da Alcaldía de data 05.07.11, referente ó nomeamento de representantes da Corporación en diversos órganos de entidades públicas co texto que figura nos antecedentes do presente acordo.

#### 10.- (125).- PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Á DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOUTROS ÓRGANOS E ENTES.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data 05.07.2011, a Alcaldía-Presidencia proponlle ó Pleno da Corporación a seguinte proposta:

“O Diario Oficial das Comunidades Europeas, DOCE, publicou en data de 16 de outubro de 1990 o Convenio marco sobre cooperación transfronteiriza. En aplicación do mesmo en data 1 de abril de 1992 constituíuse na cidade de Porto o EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR integrado actualmente por dezaioito cidades do norte de Portugal e Galiza que ten por obxecto o desenvolvemento económico, social, cultural, tecnolóxico e científico das cidades que o conforman e a vertebración do seu territorio común. Nos estatutos do Eixo, aprobados o 12 de xuño de 1992, indícase que a Asemblea, máximo órgano deliberativo e de representación, estará integrada polos Alcaldes das cidades e a Comisión Executiva por seis Alcaldes, sendo tan só dous deles natos, os das cidades de Porto e Vigo.

O novo Regulamento de Organización e Funcionamento do CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO, consecuencia da adaptación do anterior á Lei 1/2003, de 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galiza, publicouse no DOGA o 25 de xuño de 2004, no seu artigo 8.b.6 sinala que serán membros do Consello, en representación dos intereses sociais, un membro designado por cada unha das tres Corporacións Municipal nas que se localiza o

campus, o termo municipal do Concello de Vigo é un dos tres no que se sitúa o “campus” procede, en consecuencia, a designación dun representante.

O Concello-Pleno, en sesión de 30 de setembro de 2002, acordou a adscrición do Concello de Vigo á REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES, Sección da Federación Española de Municipios, FEMP, que ten como fin fomentar no Estado o programa da OMS de “Cidades Saudables”, con este fin os municipios adscritos reúnen, deliberan e programan actuacións conxuntas a través dunha Oficina Coordinadora representando na mesma o Concello de Vigo como interlocutores un representante político e outro técnico. Procede, en consecuencia, a designación de tales interlocutores.

O Convenio Colectivo dos Empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno en sesión de 4 de agosto de 1995 menciona no seu artigo 4 á COMISIÓN PARITARIA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO que ten como funcións, entre outras, a vixilancia e seguimento do cumprimento do acordo/convenio e a interpretación dos seus preceptos, o mesmo artigo advirte que estará integrado por un máximo de cinco representantes da Corporación e outros cinco que designan os sindicatos que teñan representación no Concello. Procede, en consecuencia, efectuar a designación dos representantes corporativos.

O Convenio Colectivo dos Empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno en sesión de 4 de agosto de 1995 menciona no seu artigo 42 á COMISIÓN PARITARIA DE FORMACIÓN que ten como funcións, entre outras, a elaboración, programación e seguimento dos plans de formación e a proposta dos cursos de capacitación que considere precisos en cada servizo, o mesmo precepto advirte que, baixo a Presidencia do Alcalde ou Concelleiro no que delegue, a Comisión intégrase por catro representantes do Concello dunha parte e, doutra, por outros catro da representación unitaria de persoal, procede, en consecuencia, efectuar a designación dos representantes corporativos.

Na cláusula 20. 5 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe no contrato adxudicado pola Xunta de Goberno Local en data 6.03.2006 á mercantil PAZO DE CONGRESOS S.A. para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos, sinala que no Consello de Administración da Sociedade citada integraranse con voz, pero sen voto, catro membros da Corporación Municipal que nas reunións poderán estar asistidos por funcionarios técnicos municipais, procede, en consecuencia levar a cabo tal designación.

En virtude da normativa exposta propónse ó Concello-Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Comunicar á Secretaría Xeral do ente EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR que en sesión constitutiva de data 16 de xuño de 2007 foi elixido Alcalde da Cidade de Vigo, D. Abel Caballero Alvarez correspondéndolle estatutariamente a representación do Concello de Vigo nos órganos de goberno

de dito ente.

Segundo.- Designar á Concelleira Delegada da Área de Educación, D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez, representante do Concello de Vigo no CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

Terceiro.- Designar como interlocutores do Concello de Vigo na REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey, Concelleira Delegado da Área de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude en condición de representante política e a D. Secundino Otero Failde, xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, en condición de representante técnico.

Cuarto.- Designar como representantes da Corporación na COMISIÓN PARITARIA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO ós seguintes Concelleiros/as.

- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jose Bravo Bosch                      Suplentes: D. Antonio Bernárdez de Dios
- D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera                      D. Roberto Relova Quinteiro
- D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
- D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez
- D. Francisco X. Alonso Pérez                      Suplente: D<sup>a</sup> Iolanda María Veloso Ríos.

Quinto.- Designar como representantes do Concello na COMISIÓN PARITARIA DE FORMACIÓN ós seguintes Concelleiros/as:

- D. Abel Caballero Álvarez (Presidente)
- D. Carlos López Font
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Bravo Bosch
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Elvira Larriba Leira
- D<sup>a</sup> Iolanda María Veloso Ríos.                      Suplente: D. Francisco Xabier Alonso Pérez.

Sexto.- Designar como representantes municipais no Consello de Administración da mercantil PAZO DE CONGRESOS S.A. nas condicións sinaladas na cláusula 20.5 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe no contrato de construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos, ós seguintes Concelleiros/as:

- D. José Manuel Figueroa Vila
- D. Carlos López Font
- D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez
- D<sup>a</sup> Iolanda María Veloso Ríos.                      Suplente: D. Francisco Xabier Alonso Pérez.

Sétimo.- Dar traslado deste acordo ós interesados e entes ou órganos afectados.”

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito e de dereito, acórdase aprobar a proposta

da Alcaldía de data 05.07.11, referente á designacións de representantes municipais en outros órganos e entes, co texto que figura nos antecedentes do presente acordo.

INTERVENCIÓN DA SRA. VELOSO RÍOS: Como nos acaban de pasar as copias cos nomes das persoas designadas para formar parte, aínda estamos a comprobalas e como se presentou por Rexistro, solicitamos que se cotexen de novo todos os nomes para detectar algún erro que poida haber.

A PRESIDENCIA: Se hai algún erro técnico e cada grupo o comunica, inmediatamente procederá á súa corrección. Quero anunciar que a constitución das comisións será o próximo martes a partir das dez da mañá.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e dezanove minutos, da que se redacta a presente acta; como secretaria dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña.